

Capela de Santo Estevo

060164

Datos de Localización

Capela

Nomenclator: 3207807
Coord. UTM: X: 61728774
Y: 466369148
Concello: Sarreaus
Parroquia: PARADIÑA
Lugar: Vilariño Frío
Tipoloxía: Arquitectura Relixiosa
Tipo: Capelas
Subtipo: Capela



Denominación: Capela de Santo Estevo
Etaapa Histórica: Idade Moderna
Estilo relevante Popular

Outros Estilos:

Descrición:

Capela de planta rectangular, de escasos 9 m. de longo por 5 m. de largo, dunha soa nave e coa cabeceira orientada ao Sur. Foi reformada en 1988, e actualmente presenta cuberta a dúas augas con tella francesa e muros de perpiaño concertado nas fachadas Norte e Oeste, e de cachotería na Leste e na Sur. A fachada principal presenta portada sinxela alintelada e remata cunha espadana dun so arco e cruz latina de sección cuadrangular.

Durante as obras de reforma apareceron dúas aras formando parte da mesa do altar; unha delas, a máis pequena, foi destruída, e a outra foi depositada no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

As primeiras novas que aparecen nos libros parroquiais datan de finais do século XVII: "(.. ..) Ay otro lugar llamado Villaerino Frío en el qual hay una hermita de San Estevan derrotada y indecente no ay obligacion de decir missa en ella, y si en el día del Santto San Estevan quisieran oir missa en ella la an de pagar al Abbad dichos vecinos (.. ..)" (Libro de visitas e contas de fábrica, 45-6-10, folio 1). Nos mandamentos da visita do 15 de agosto de 1714 ordenase o seguinte: "Y por que su merced esta informado que la hermita de San Ysteban esta mal reparada manda su merced se notifique a los vecinos del lugar de Villarino la compongan y reparen para que se pueda dezir misa en ella" (Libro de visita e contas de fábrica, 45-6-10, folio 72). Na visita que se fai á parroquia de Codosedo o 3 de agosto de 1728, a capela segue "indecente" e dáselle aos veciños dous meses de prazo para reparala. En 1736, reedificouse nun lugar diferente ao seu antigo emprazamento e encárgase unha imaxe nova de San Estevo (Libro de visitas e contas de fábrica, 45-6-10, visita de 2 de xullo 1736, folio 135).

DOCUMENTACIÓN:

-A.H.D.OU.

Libro de visitas e contas de fábrica, 45-6-10.

Características Construtivas

Plantas: Baixa

Edif. Anexas:

Mat. Fachada: Granito

Mat. Estrutura: Granito e madeira

Mat. Cuberta: Tella

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: .

Protección

Tipo de ben: Sen rexistrar

Proposta de tipo de ben: Inventariado

Estado de Tramitación:

Nivel de Protección Arq.: Sen protección

Proposta Nivel de Protección Arq. Integral

Grao de Protección Arq.: ----

Proposta Grao de Protección Arq. ----

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Bo

Uso Actual: Relixioso

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

Bens Mobles

Nome	Subtipo	Localizacion
Ara de Vilariño Frío	Ara	Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense







